



ACTA DA REUNIÓN DO 4 DE MARZO DE 2015 DA MESA DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A XESTIÓN DA VIXILANCIA E O CONTROL INTEGRAL DO RECINTO E DAS INSTALACIÓNS E O MANTEMENTO DOS SISTEMAS DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS E DE VIXILANCIA.

PRESIDENTE:

D. Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente 1º da Mesa do Parlamento de Galicia

VOGAIS:

Dª. María Soledad Soneira Tajés
Vicepresidenta 2ª da Mesa do Parlamento de Galicia

D. José Manuel Balseiro Orol
Secretario da Mesa do Parlamento de Galicia

Dª. María Aneiros González
Letrada do Parlamento de Galicia

D. José María Ameijenda Cuns
Director da Intervención Xeral e Asuntos Económicos do Parlamento de Galicia

SECRETARIO:

D. Santiago González Serrano
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento de Galicia, ás 11,45 horas do **4 de marzo de 2015**, reúnense as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación das ofertas presentadas na contratación administrativa dos servizos para a xestión da vixilancia e o control integral do recinto e das instalacións e o mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia.

Orde do día:

Punto primeiro.- Comunicación das empresas admitidas e excluídas no procedemento de contratación.

Punto segundo.- Apertura e exame da documentación incluída nos sobres "B" ("Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor").

Invítase a que accedan á sala os representantes presentes das empresas concorrentes:

D. Miguel Ángel Gómez Blanco (dni nº 10080837Y), en representación de Eulen seguridad, s.a.

D. Alexander Aguiar Lorenzo (dni nº 78737108N) en representación de Segurlem, s.l.

Punto primeiro.- Comunicación das empresas admitidas e excluídas no procedemento de contratación.

O presidente anuncia que si algún dos presentes o solicita se procederá á lectura dos anuncios de licitación publicados no Diario Oficial da Unión Europea nº S251, do 31 de decembro de 2014, e no Boletín Oficial do Estado nº 15, do 17 de xaneiro de 2015. Ningún dos presentes o solicita.

Acto seguido comunícase o acordo da Mesa de contratación sobre a admisión e inadmisión das proposicións presentadas polas empresas reflectidas na certificación expedida polo xefe do Servizo de Asistencia Parlamentaria, que son as seguintes.

| EMPRESA | Lotes | registro núm.: |
|--|-------|-----------------------|
| Grupo RMD Seguridad, s.l. | 1 | 33617 (fax: 33419) |
| Eulen seguridad, s.a. | 1 e 2 | 33373 |
| Sistemas de seguridade A1, s.l. | 2 | 33386 |
| Servicios de seguridade integral e mantementos A-1, s.l. | 1 | 33480 |
| Integraciones técnicas de seguridade, s.a. | 2 | 33378 |
| Segurlem, s.l. | 2 | 33407 |
| Cybsecur, s.a.u. | 2 | 33478 (fax: 33418) |

Do estudo da documentación presentada polas empresas nos sobres "A" resulta que deben ser admitidas todas as empresas concorrentes; non hai, polo tanto, empresas excluídas.

Punto segundo.- Apertura e exame da documentación incluída nos sobres "B" ("Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor").

O presidente invita aos presentes a que examinen os sobres "B" presentados, e comprobem que se atopa pechados e nas condicións nas que foron entregados. Informa de que poden, antes de proceder á apertura dos sobres, efectuar as manifestacións ou observacións que consideren oportunas, pero que unha vez iniciada, non se admitirán interrupcións. Informa tamén que a documentación contida nos sobres B será remitida ao servizo do Parlamento competente para a súa avaliación, e a puntuación asignada respecto dos criterios cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor, darase a coñecer no acto público de apertura dos sobres "C".

Procédese a continuación á apertura dos sobres presentados polas empresas concorrentes. O presidente anuncia aos presentes poden examinar a documentación contida nos sobres "B".

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 12,05 horas levántase a sesión, asinando os asistentes a presente acta, no lugar e data indicados.

| | |
|---|--|
|  Miguel Ángel Santalices Vieira Presidente |  María Soledad Soneira Tajés Vogal |
|  José Manuel Balseiro Orol Vogal |  María Aneiros Gonzalez Vogal |
|  José María Ameijenda Cuns Vogal |  Santiago González Serrano Secretario |